




CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

BOLETÍN DE INFORMACIÓN CULTURAL DE LUGO

MIHL

**EXPOSICIÓN “VISIÓNS DE LUGO”, CADROS PREMIADOS
DO CERTAME PINTURA RÁPIDA 2017-2018**

EXPOSICIÓN “AS PORTAS DE LUGO” de Paco Ascón



Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo

HORARIO DE APERTURA DOS CENTROS MUSEOGRÁFICOS

De martes a venres de 10.00 a 13.30 e de 16.00 a 19.30h
Sábados, domingos e festivos de 10.00 a 14.00 e de 16.30 a 19.30h
Pechados os luns, excepto festivos

HORARIO DA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO

Todos os días de 10 a 18.00h

HORARIO DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA

Todos os días de 10 a 14.00 e de 16.00 a 18.00horas



CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

O VELLO CÁRCERE

- EXPOSICIÓN “**O VELLO CÁRCERE DE LUGO. DA GUERRA Á POSGUERRA**”
Memoria histórica da represión franquista en Lugo
- EXPOSICIÓN **QUESSADA “SERIE AMARILLA” 1995-2003**
- EXPOSICIÓN “**INFINITO BORGES**”, con material seleccionado dentro da colección do Museo do Escritor, de Madrid, que recorre toda a vida de Jorge Luis Borges e a súa produción literaria.

LETRAS GALEGAS

Xoves, 16 de maio ás 21.00h

Concerto de EVOÉH presenta a súa homenaxe a Rosalía de Castro “Árbore da vida”

Entrada libre ata completar a cabida

Venres, 17 de maio ás 13.00h Praza Maior

Festival Danza Tradicional das nenas e nenos dos colexios de Lugo

ás 18.00h Rúa Aguirre e Praza Maior

Actuación das CORAIS, ORFEÓNS e GRUPOS VOCAIS LUCENSES en homenaxe a Antón Fraguas Fraguas (en caso de choiva vello cárcere)

queremosgalego.gal

Queremos Galego sae á rúa nas principais cidades e vilas do país para esixir “liberdade, igualdade e xustiza para o galego”

17 de maio DIA DAS LETRAS GALEGAS

Lugo ás 12.00h na praza Maior

Novos espazos do Centro Sociocultural Vello Cárcere

A partir deste venres, 17 de maio, o Vello Cárcere abre novos servizos para os cidadáns e visitantes de Lugo:

- **O Servizo de recepción:** a entrada ao centro realizarase a partir do 17 de maio a través da porta principal. As persoas con discapacidade terán acceso adaptado á recepción pola porta lateral esquerda. Os usuarios atoparán neste espazo toda a información sobre as actividades que se desenvolven no Centro.

- **O Espazo de lecer infantil :** destinado a nenas e nenos de 3 a 8 anos . Este espazo está pensado para que os visitantes do centro poidan visitar as exposicións e asistir aos eventos do Vello Cárcere, mentres os seus



CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

fillos gozan dun programa de actividades didácticas culturais que os acheguen á historia do edificio.

- **Espazo didáctico:** inaugúrase este espazo cunha actividade en memoria de Don Antón Fraguas Fraguas, autor homenaxeado nas Letras Galegas 2019 . Terá lugar no calabozo do segundo andar o venres 17, sábado 18 e domingo 19 en horario de 11:00-12:00, 12:30-13:30, 17:00-18:00 e 19:00-20:00.

VISITAS GUIADAS VELLO CÁRCERE

Xoves e venres, de 18:00 a 21:00 horas

Sábados e domingos de 11:30 a 13:30 e de 18:00 a 20:00 horas

As prazas son limitadas (25-30 persoas), polo hai que inscribirse previamente na recepción ou no 982297195

HORARIO

Luns de 11 a 14 horas

Martes e mércores de 11 a 14 e de 17 a 20:30 horas

Xoves, venres e sábado de 11 a 14 e de 17 a 22:30 horas

Domingos de 11 a 14 e de 17 a 20.30 horas



CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura, Turismo,
Xuventude e Promoción da Lingua

AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

Sábado, 18 de maio ás 20.30h

LEILÍA Cantar – Elas

Entradas: entradaslugo.es, na Oficina de Turismo ata 3h antes do comezo da función, no auditorio dende unha hora e media antes do comezo do espectáculo.

Domingo, 19 de maio ás 17.30 e ás 18.30h

BABALUVA A Alfombra Máxica

Teatro Familiar en convenio coa Agadic

Entradas: entradaslugo.es, na Oficina de Turismo ata 3h antes do comezo da función, no auditorio dende unha hora e media antes do comezo do espectáculo.

Venres, 24 de maio ás 20.30h

AS FILLAS DE EVA Nova escena teatro

En beneficio do proxecto: "Aulas que construen Soños" Cochabamba, Bolivia

Entradas en taquilla e en Taller de Solidaridad (Rúa Ramón Montenegro)

Colabora: Concello de Lugo

ARDE LVCVS CULTURAL

Inscripción para o **CONCURSO DE ESCAPARATES**

Inscripcións e máis info no 010(982297350 dende fóra de Lugo)

Venres, 17 de maio das 11.30 ás 14.00h. Soportais da Praza Maior

DEGUSTACIÓN E VENDA DE PAN ROMANO. AFAPÁN

EXCURSIÓNS TERRAS DE AUGA E CULTURA

ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

LETRAS GALEGAS: DE MANUEL MARÍA A ANTÓN FRAGUAS

Sábado, 17 de maio

Outeiro de Rei, Ombreiro, Lugo

Inscripcións e máis info na Oficina Municipal de Turismo (982251658)

NATUREZA

RUTA DA FERVENZA

Domingo, 19 de maio

Percorrido á beira do río Miño desde o río Rato ata a Casa Grande da Ferverza

Inscripcións e máis info na Oficina Municipal de Turismo (982251658)

CONCURSO DESEÑO GRÁFICO CARTEL SAN FROILÁN

Bases e toda a información

<http://lugo.gal/gl/novas/en-busca-de-deseños-para-os-carteis-anunciadores-do-san-froilan-2019-e-do-san-froilan-miudo>



A REDE DE CIDADES ROMANAS DO ATLÁNTICO

CONVOCA

ROMA
ATLANTIACA

I Mostra Fotográfica Europea 'Roma Atlantiaca'

PARTICIPANTES: Dirixido a rapazas e rapaces de 14 a 18 anos de idade.

DATA: 18 de maio de 2019

TEMA: Fotografías creativas e que mostren o legado romano da antiga cidade relacionadas coa temática romana.

PREMIO: As imaxes seleccionadas formarán parte da Exposición Fotográfica 'Roma Atlantiaca', que se inaugurará nas Xornadas Europeas de Arqueoloxía (14-16 de xuño). Tamén se incluírán nun libro dixital que dará a coñecer o legado romano das nove cidades que forman a rede.

A Rede de Cidades Romanas do Atlántico organiza para o Día Internacional dos Museos (18 de maio) unha mostra fotográfica dirixida a rapazas e rapaces de entre 14 e 18 anos.

Os menores tomarán fotografías creativas e que mostren o legado romano da antiga cidade ou relacionadas coa temática romana. As fotografías poderán realizarse con cámara dixital, teléfono móbil ou tablet coa máxima calidade que o dispositivo permita. A participación en dita mostra realizarase de acordo coas seguintes

BASES:

REQUISITOS

- A actividade desenvolverase o **Día Internacional dos Museos** (18 de maio).
- Cada participante poderá presentar un máximo de 3 fotografías en formato dixital, que mellor representen a cidade romana e o seu legado.
- As fotografías serán da súa autoría, orixinais e inéditas.
- As imaxes poderán ser en color ou en branco e negro.
- Non se admitirán montaxes fotográficas nin retoques con técnicas dixitais, a excepción de retoques con filtros para mellorar a calidade (brillo, contraste...).

XURADO

Cada municipio integrante da Rede disporá dun equipo xurado composto polo menos un responsable de Patrimonio e unha/un fotógrafo profesional que seleccionará, no prazo dunha semana, as 10 imaxes que mellor representen a súa cidade romana.

PRESENTACIÓN

- Subindo as imaxes **Redes Sociais** Instagram, Facebook e Twitter.
- Incluír o título da fotografía e unha explicación da fotografía ou algún outro dato que considere importante
- Engadir aos hashtag: **#RomaAtlantiaca**, **#DIM2019** e o hashtag do nome romano do municipio fotografado: **#Vesunna**; **#MedionalumSantorum**; **#Oiasso**; **#Flaviobriga** - **#PortusAmanum**; **#Gijon**; **#LucusAugusti**; **#BracaraAugusta**; **#Conimbriga**; **#Ammaia**.

DEREITOS SOBRE AS FOTOGRAFÍAS

A Rede está autorizada a difundir as fotos de calquera participante inscrito no concurso, facendo mención a autoría das mesmas.

ACEPTACIÓN

A participación na mostra supón a total aceptación destas bases.